

**A POSTA EN VALOR DUN PATRIMONIO  
COMÚN.**

**CATALOGACIÓN DA ARQUITECTURA POPULAR FENESA.**

**DIVINA ARNOSO ROMERO**

**XABIER RODRIGUEZ VARELA**

**BECAS BIEITO CUPEIRO PARA INVESTIGADORES NOVEIS 2001.**

## INDICE

<b>Introducción.</b>	<b>3</b>
<b>I. Demarcación Contextual: O espacio humanizado.</b>	<b>6</b>
<b>II. A variedade no patrimonio arquitectónico fenés.</b>	<b>25</b>
<b>1. Unha arquitectura popular tradicional.</b>	<b>25</b>
<b>2. A arquitectura indiana.</b>	<b>32</b>
<b>2.1. As escolas indianas.</b>	<b>33</b>
<b>2.2. Os cines e salons de baile.</b>	<b>35</b>
<b>2.3. As edificacións domésticas.</b>	<b>36</b>
<b>3. A arquitectura rexionalista.</b>	<b>39</b>
<b>III. O Patrimonio catalogado.</b>	<b>40</b>
<b>IV. Bibliografía.</b>	<b>45</b>
<b>V. Fichas.</b>	<b>48</b>

## INTRODUCCIÓN.

Na Lei do Patrimonio Cultural de Galicia<sup>1</sup> falase da necesidade e a obriga que os poderes públicos e as administracións teñen de responder do patrimonio recibido dos antepasados arbitrando os procedimentos adecuados para a súa conservación, mellora e ampliación para ser transmitido as futuras xeracións. Nese mesmo documento faise referencia a toda unha tipoloxía dos diferentes elementos que hai que considerar que forman parte dese patrimonio galego: “Os bens mobles, inmobles e inmateriais de interese artístico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico e técnico”. Xunto a eles engadense tamen “o patrimonio documental e bibliográfico, os conxuntos urbanos, os lugares etnográficos, os xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques que teñan valor artístico, histórico ou antropológico”. Segundo o establecido na lei son as administracións públicas as que lles corresponde un papel fundamental en relación co patrimonio cultural e en concreto establece nas Disposicións Xerais do Título Preliminar (art.4) que “Os concellos teñen a obriga de protexeren, defenderen, realzaren e daren a coñece-lo valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que radiquen no seu termo municipal”. Polo tanto cabe afirmar dun xeito xeral a necesidade de que as administracións locais articulen os procedimentos e os medios para proceder a catalogar-inventariar os elementos patrimoniais existentes no seu territorio para posteriormente poder difundir o seu coñecemento, o seu estudo e realizar a súa protección.

Neste traballo preséntase o resultado dunha investigación realizada co obxectivo de inventariar e dar a coñecer a riqueza patrimonial arquitectónica do concello de Fene, dentro desa perspectiva que reseñamos anteriormente. O traballo de campo para a recollida do material e a información necesaria abarcou tódalas parroquias e tódolos

---

<sup>1</sup> *Lei do Patrimonio Cultural de Galicia*. Xunta de Galicia. Santiago. 1995.

lugares de cada unha delas, buscando recopilar datos suficientes que nos permitisen ter unha visión básica do que dende o punto de vista do patrimonio popular e cultural ofrecían cada unha das parroquias. O material que poidemos ir recopilando é moito máis do que aquí pode aparecer, xa que a nosa intención era que o resultado desta investigación poidese ser útil directamente, sen necesidade de complexos apoios documentais e teóricos, que deixamos para unha futura ocasión porque aínda que tamén merecen, e moito, a pena a súa elaboración excede amplamente as posibilidades coas que podemos contar neste intre. Tan so reseñar que os criterios cos que traballamos a hora de recoller e organizar os nosos datos non son exclusivamente os formais e funcionais, senon que estos están tamizados pola preocupación antropolóxica de dar conta non só dunha parte da historia fenesa reflectida no seu patrimonio arquitectónico, senon de tratar de capturar unha imaxe o máis ampla posible do pasado compartido de toda unha comunidade. Tamén consideramos necesario advertir que compartimos as críticas que dende relevantes sectores da antropoloxía se fai a distincións do tipo patrimonio material/patrimonio inmaterial por consideralas reduccionistas e inadecuadas<sup>2</sup>, e a defensa da necesidade de atender a unha óptica relacional que non trata os elementos patrimoniais aisladamente senon senon na súa inextricable vinculación coa acción social creativa e histórica<sup>3</sup>.

Deste xeito unha vez recollido e organizado o material centramos a nosa atención á hora de redactar estas páxinas, en dous ámbitos fundamentais. Por unha banda dar conta do abundante e rico patrimonio arquitectónico tradicional que aínda se conserva neste concello, mostra dunha forma de vida rural que non hai moitos anos era maioritaria en Fene. Os exemplos que quedan desa arquitectura son nalgúns casos moi

---

<sup>2</sup> Unha argumentación e exposición sobre esta postura crítica da antropoloxía é a que se atopa en Fernández de Rota y Monter, J.A. e Irimia Fernández, M.P. *Betanzos frente a su historia. Sociedad y patrimonio*. Fundación Caixa Galicia. A Coruña. 2000.

<sup>3</sup> *Idem.* esta idea está desenrolada nas pp. 26-31.

relevantes e pensamos que resulta importante coñecela súa existencia para evitar a súa completa desaparición, tal como está a ocorrer en gran medida co modo de vida que sustentaba e daba sentido a ese modelo constructivo.

Por outra banda atendimos ás distintas transformacións que ese patrimonio e ese modelo arquitectónico foi experimentando parellamente ás enormes transformacións socioeconómicas, e polo tanto fundamentalmente culturais, que o propio concello e os seus habitantes foron vivindo. Nesta perspectiva factores como a proximidade co entorno netamente urbano de Ferrol ou a paulatina concentración de poboación que foi creándose no concello ó aveiro do crecemento industrial son enormemente relevantes. Novas actividades, novos xeitos de ver e estar no mundo, novos futuros ós que ir dende un presente en vertixinosa transformación son circunstancias que se reflicten nidiamente nas características do patrimonio construído así como na súa transformación e valoración. Prestamos unha atención moi concreta ó fenómeno da emigración a América, os denominados indianos, e ás súas realizacións no concello, pero tamén ás súas influencias en quen es sen ter participado daquela experiencia pasan a compartir ideais, valores e símbolos que en grande medida foron creados a partires dela por quen es a protagonizaron.

A distribución dos contidos que aquí expoñemos iníciase cunha demarcación contextual que consideramos importante para ter unha perspectiva xeral do moito, e da forma, que cambiaron as condicións nas que os homes e mulleres do concello desenrolaron os seus proxectos vitais e as súas estratexias. Nun segundo momento pasamos a dar unha imaxe acerca do patrimonio arquitectónico fenés e as súas variedades máis significativas existentes no concello para así acadar unha elemental información básica que permita encadralo nunha máis ampla perspectiva de conxunto sempre necesaria. Finalmente, preséntanse os resultados do traballo de campo en fichas

individualizadas por cada un dos elementos inventariados, aportando os datos da súa identificación, situación e descripción.

De todos os xeitos hai unha serie de aclaracións finais que consideramos pertinente ter en conta. O material que aquí presentamos non é máis que un punto de partida, e non supón en ningún momento unha reificación dos elementos como si tivesen unha existencia independente da súa realidade sociocultural. É esta a que lles dá sentido e as convirte, ou non, en elementos cun determinado valor patrimonial. Polo tanto consideramos que un segundo paso imprescindible para ter unha visión coherente do patrimonio fenes que aquí se trata consistirá en densificar a súa descripción contemplando a súa significación cultural. Sin embargo é este un propósito que non podemos afrontar plenamente a hora de expoñer os resultados do noso traballo, aínda que sempre foi o criterio que estaba na base da súa realización, esperando que alomenos en algo se note.

## **I. DEMARCACIÓN CONTEXTUAL: O ESPACIO HUMANIZADO.**

O concello de Fene pertence eclesiasticamente á diócese de Santiago, máis concretamente ao seu arciprestazgo de Bezoucos, e está formado por un conxunto de oito parroquias: Santiago de Barallobre, San Salvador de Fene, Santa Eulalia de Limodre, San Xurxo de Magalofes, San Salvador de Maniños, San Estevo de Perlío, Santa Mariña de Sillobre e San Valentín. Esta última parroquia, San Valentín, foi creada a partir da de San Estevo de Perlío na segunda metade do século XX.

Orograficamente está caracterizado por presentar no seu territorio unha disposición escalonada, que arranca das estribacións da Serra do Forgoselo e chega ata o nivel do mar interior da ría de Ferrol. Ten a súas cotas máis elevadas nas áreas montañosas de Sillobre e Magalofes (monte Marraxón con 341 metros de altitude e o Coto das Nodiás con 338 metros), e as máis baixas nas parroquias litorais de San Valentín, Perlío, Fene, Barallobre e Maniños. O conxunto do concello está surcado por toda unha serie de pequenos ríos cos seus afluentes, entre os que destaca con particular significación o río Belelle que vai facendo de fronteira co concello veciño de Neda.

Baseándonos na configuración morfolóxica do concello, e seguindo a análise efectuada por Ferrás Sexto,<sup>4</sup> xa se poden establecer elementos de diferenciación no conxunto das parroquias do municipio; así podemos distinguir claramente unha zona montañosa, que ten unha orografía máis articulada e que estaría situada a partires da curva de nivel dos 200 metros. Un segundo conxunto territorial viría dado pola área situada entre a curva de nivel dos 200 metros e a curva de nivel dos 100 metros. Trátase dunha zona intermedia menos articulada morfolóxicamente que a anterior. En terceiro

---

<sup>4</sup> Ferrás Sexto, C. *Desenvolvemento urbanístico e económico de Fene. séculos XIX e XX*. pp. 32-33. Gran parte das referencias no eido socioeconómico que utilizaremos basearémolas neste libro xa que é o estudo máis completo e riguroso existente ata o momento sobre o concello de Fene na maior parte do período que aquí imos tratar.

lugar atopamos a zona litoral que vai dende a curva de nivel dos 100 metros ata o nivel do mar onde o rasgo característico é a suavidade do perfil topográfico.

Estes tres espacios diferenciados no conxunto do concello son significativos porque van estar presentes en distintos aspectos, nomeadamente as transformacións que ao longo dos anos foi experimentando na distribución do poboamento, na densificación das redes de comunicación viaria ou no emprazamento de actividades industriais e de servizos.

Dende a perspectiva climática o concello de Fene está caracterizado por unhas temperaturas suaves cunha media anual que oscila entre os 13° - 14°, e un nivel de precipitacións relativamente considerables que repartidas entre uns 155 días ó ano de media, oscilan entre os 1.200 – 1.500 mm. Trátase pois dun clima de tipo templado oceánico. Pero neste caso tamén cabe facer matizacións e diferenciacións espaciais dentro do propio concello<sup>5</sup>. Naquelas áreas onde se suman, por un lado, unha favorable orientación en relación cos ventos dominantes da zona, que son do Oeste e do Noroeste que veñen acompañados de humidade, e por outro lado, unha orientación ao mediodía e polo tanto máis soleadas, as condicións son máis benignas. Nesta situación están as parroquias litorais de Barallobre, Maniños Fene, Perlío, San Valentín e incluso Limodre. Unha segunda posibilidade pode establecerse alí onde aparece un terceiro factor, o seren áreas pechadas como os fondos dos vales entre montañas, circunstancia que propicia a aparición de néboas de inversión térmica e descenso das temperaturas. Este tipo de situacións son as que atopamos nas parroquias montañosas do interior do concello: Magalofes e Sillobre.

No que fai referencia ao tamaño e configuración dos asentamentos de poboación o rasgo máis salientable que vemos no poboamento do concello de Fene é a disgregación dos asentamentos. Cos datos obtidos do Padrón Municipal de Habitantes

---

<sup>5</sup> *Op. Cit.* pp. 34.



actualizado a día 1 de xaneiro de 2001 elaboramos a Táboa 1 na que presentamos dun xeito gráfico a distribución dos asentamentos poboacionais en relación coa superficie, tanto nas diferentes parroquias como para o total municipal. O conxunto do concello conta cunha extensión de 27,8 Km<sup>2</sup> de superficie e un total de 134 entidades de poboación. No que respecta á superficie destaca o caso de Sillobre que é a parroquia con maior extensión, seguida da parroquia de Magalofes que comparte con ela a súa situación na área de interior do concello. Estas dúas parroquias son as que teñen menos entidades de poboación por Km<sup>2</sup> contrastando significativamente coas parroquias máis costeiras de Maniños, Fene e Perlío. O caso da parroquia de San Valentín é peculiar xa que se trata dunha parroquia creada a partires da de Perlío formada por dúas urbanizacións de pisos destinadas a traballadores do estaleiro de Astano; por esta circunstancia ten unha altísima densidade de poboación concentrada nun só lugar de asentamento de claro carácter urbano. Cabería tamen falar dun grupo de parroquias que contan cunhas densidades intermedias con respecto aos dous grupos anteriores, que viría formado por Barallobre e Limodre.

**Táboa 1: ENTIDADES DE POBOACIÓN E EXTENSIÓN DAS PARROQUIAS DO CONCELLO:**

<b>Parroquias</b>	<b>Extensión</b>	<b>Nº Entidades poboación</b>	<b>Densidades de poboamento</b>
<b>Barallobre</b>	3,7 Km <sup>2</sup>	25	6,7 entid./Km <sup>2</sup>
<b>Fene</b>	1,8 Km <sup>2</sup>	17	9,4 entid./Km <sup>2</sup>
<b>Limodre</b>	3,7 Km <sup>2</sup>	10	2,7 entid./Km <sup>2</sup>
<b>Magalofes</b>	5,6 Km <sup>2</sup>	12	2,1 entid./Km <sup>2</sup>
<b>Maniños</b>	2,5 Km <sup>2</sup>	25	10 entid./Km <sup>2</sup>
<b>Perlío</b>	1,2 Km <sup>2</sup>	16	13,3 entid./Km <sup>2</sup>
<b>Sillobre</b>	8,7 Km <sup>2</sup>	28	3.21 entid./Km <sup>2</sup>
<b>S. Valentín</b>	0,6 Km <sup>2</sup>	1	-
<b>Municipio Fene</b>	27,8 Km <sup>2</sup>	134	4,8 entid./Km <sup>2</sup>

*Fonte: Elaboración propia a partires do Padrón do Concello de Fene (1-1-2001).*

Como rasgos definitorios da configuración dos asentamentos de poboación en Fene atopamos que as transformacións operadas ao longo do tempo foron dando lugar a unha “...dicotomía entre a costa densamente poboada fronte ao escalón montañoso do interior que amosa amplas extensións de desertos demográficos” ... “En definitiva, Fene actualmente [ano 1992] amosa un poboamento disperso estruturado en torno á rede viaria cunha certa concentración nas encrucilladas de camiños, pero destacando o feito de que a medida que nos alonxamos da costa descende a densidade de poboación e a dispersión de poboación faise maior.”<sup>6</sup> Esta caracterización pode verse máis claramente confirmada si se comparan os datos anteriormente descritos cos que se poden tirar da Táboa 2 de poboación por parroquias que presentamos de seguido:

**Táboa 2: TOTAL DE HABITANTES POR PARROQUIA.**

<b>Parroquia</b>	<b>Nº Lugares</b>	<b>Total Habitantes</b>
Barallobre (Santiago)	25	1.949
Fene (San Salvador)	17	3.695
Limodre (Santa Olaia)	10	519
Magalofes (San Xurxo)	12	380
Maniños (S. Salvador)	25	1.697
Perlio (San Estevo)	16	3.568
San Valentín	1	1.656
Sillobre (Sta Mariña)	28	1.240
Total Concello	134	14.704

*Fonte:Elaboración propia a partir do Padrón Concello de Fene (1-1-2001).*


Agora ben, si hai algo que é peculiar do concello de Fene foi a súa transformación demográfica ao longo do período do século XX e en especial a partires dos anos 40, aspecto este que imos atender de seguido.

---

<sup>6</sup> Op. Cit. p. 36.

Comezaremos por presentar unha gráfica na que se reflicten os cambios ocorridos na demografía fenesa dende finais do século XIX ata principios do século XXI. Un primeiro rasgo que destaca é o constante crecemento de efectivos dende o finais do XIX ata chegar aos anos 80 do século XX, en que esa tendencia muda cara un estancamento e incluso iníciase unha diminución da poboación no conxunto do concello. Ese incremento do que falamos non é uniforme ao longo do século XX; ata os anos 40 o aumento de poboación é superior ao 40 %, pasando de 5.033 habitantes en 1887 ata os 7.670 en 1940. A pesares desta tendencia de crecemento no concello de Fene nas décadas dos anos 1910 a 1930 existiu un significativo fluxo emigratorio, sempre menor que o inmigratorio, que se dirixiu fundamentalmente cara a cidade veciña de Ferrol así como tamén a América (fundamentalmente a Arxentina, Venezuela e Cuba), do que quedarán importantes iniciativas no propio concello tales como as escolas infantiles, casas de indianos, asociacionismo cultural, etc.

**Gráfica 1: EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN NO CONCELLO**



Fonte: IGE e Padrons Municipais de Habitantes.

De tódolos xeitos o crecemento poboacional que se experimenta en Fene ata os anos 40 con ser moderado, supón case o dobre do 26% que de media tivo o conxunto de Galicia no mesmo período. Os fluxos de poboación que pasan a instalarse en Fene ata o ano 1925<sup>7</sup> procedían fundamentalmente dos concellos veciños, o que habería que poñer en relación nesos primeiros anos do século XX “coa súa situación próxima ao núcleo urbano de Ferrol e coas súas condicións ecolóxicas favorables ao asentamento humano”; na aportación de efectivos inmigrantes destacan os seguintes concellos:

<b>Concello</b>	<b>Porcentaxe</b>
A Capela	24,6 %
Ferrol	11,6 %
Cabanas	9,9 %
Neda	8,3 %
Mugardos	8,1 %
Pontedeume	6,9 %
Monfero	5,6 %
Ares	4,7 %

Fonte: C. Ferrás Sexto a partires do Padrón de 1.925.

Dende os anos 40 ata os anos 60 do século XX en Fene a evolución da poboación non só continúa a tendencia expansiva dos anos anteriores senón que o nivel de crecemento vai ser claramente superior ao das décadas iniciais. En tan só 20 anos o concello medra en casi 1.600 personas, pasando de 7.671 habitantes aos 9.267. Foi un período no que os saldos migratorios foron claramente positivos no conxunto do concello tendo unha incidencia moi escasa a emigración ao exterior que tanta significación tivo nesos momentos no conxunto de Galicia.

Pero como xa temos dito vai ser dende os anos 60 en diante, e dende ahí ata a década dos 80, cando o aumento de poboación sexa maior, chegando a superar o 60%:

---

<sup>7</sup> Op.Cit. p. 7.

Pásase de 9.267 habitantes no ano 1.960 aos 15.040 habitantes no ano 1981, ano no que se acada o máximo de poboación censada no concello de Fene ata o momento. Como teremos ocasión de ver máis adiante ese aumento de habitantes está vinculado esencialmente ao auxe da industria naval no concello de Fene, implantada ali xa na década dos 40 e que experimentara un proceso de expansión moi significativo dende os anos 60, exercendo como un importante foco de atracción laboral. Tendo en conta esto pode entenderse o freno da tendencia de incremento de poboación e o paso a unha fase de estancamento e lixeiro descenso de efectivos, que se observa a partires dos anos 80 nos que o fortísimo declive da actividade da industria naval ten lugar.


Toda esta evolución da poboación que acabamos de describir para o conxunto do concello presenta matices e peculiaridades se atendemos a unha unidade de análise máis reducida enfocando a nosa perspectiva á concreción desa evolución xeral en cada unha das diferentes parroquias, aspecto que pasamos a relacionar de seguido. O marco xeral por parroquias presentámolo na Gráfica 2 na que xa se pode apreciar que o comportamento demográfico en cada unha delas presenta diferencias moi significativas.

No primeiro tramo que analizábamos e que abarcaba ata os anos 40 o incremento de habitantes foi maior nas parroquias de Perlío, Barallobre, Maniños e Limodre, por ese orden. Crecementos menores experimentaron as parroquias de Magalofes, Fene e sobre todo no caso de Sillobre que é a que menos incrementa o seu número de habitantes. De tódolos xeitos a parroquia de Sillobre continúa a ser unha das máis poboadas, detrás de Barallobre, Maniños e Fene por este orden. Xa neste período podemos observar un rasgo característico que se vai ir consolidando ao longo do século, a tendencia á concentración de poboación nas parroquias litorais do concello (Perlío, Fene, Barallobre e Maniños); Sillobre, Magalofes e Limodre, parroquias todas elas

interiores, aínda que tamen crecen en número de habitantes presentan densidades menores.

Esta mesma dicotomía entre a costa e o interior do concello é apreciable ao analizar o fluxo das migracións<sup>8</sup>: Parroquias que reciben inmigrantes son Barallobre (254 personas), Maniños (98 personas), Fene (33 personas) e Perlío ( 38 personas); parroquias que aportan migrantes son Sillobre (175 personas), Limodre (61 personas) e Magalofes (19 personas).

**Gráfica 2: EVOLUCIÓN PARROQUIAL DA POBOACIÓN.**



Fonte: IGE e Padróns Municipais de Habitantes.

<sup>8</sup> Op.Cit. p. 66.

O modelo de asentamento dos núcleos habitados neste período é o característico dun tipo disperso, presentando un grado de dispersión máis acusado nas parroquias interiores de Sillobre, Magalofes e Limodre.

O segundo tramo temporal que analizábamos comprendido entre os anos 1940 e 1960 era dunha intensidade de crecemento poboacional superior aos anos anteriores. Son as parroquias de Perlío (pasa de 462 habitantes en 1940 a 864 en 1960), Fene (de 1.336 habitantes en 1940 pasa a 1.769 en 1960) e a algo máis de distancia Sillobre (pasa de 1.217 habitantes en 1940 a 1.434 en 1960) as que presentan un crecemento máis acusado, Barallobre e Maniños (que no período anterior foron as de maior incremento demográfico) crecen pero sensiblemente menos, e incluso no caso de Limodre o crecemento que atopamos é negativo (pasa de 600 habitantes en 1940 a 550 en 1960).

En canto os asentamentos no territorio a dispersión que existía no período anterior continúa nas parroquias de Barallobre e de Maniños, pero presenta unha acusada tendencia á concentración de tipo urbano no caso de Fene e de Perlío; a concentración tamén está presente nas parroquias do interior do concello, Sillobre, Magalofes e Limodre, pero neste caso nos núcleos de tipo rural. Polo que fai referencia á inmigración, foron as parroquias de Perlío e de Fene as que acollen os continxentes maiores, seguidas de Barallobre e Sillobre por este orden. Neste aspecto Limodre tamen se diferencia, pois é a única parroquia do concello na que non se instalan novos habitantes foráneos.

A partires dos anos 60 e ata os 80 Fene vai experimentar unha trascendental consolidación como foco industrial, especializado na construción naval, cunha intensa capacidade de absorver man de obra e con elo favorecer a chegada de fluxos de novos habitantes que se instalen nas súas parroquias. Os incrementos de poboación sucedéronse en tódalas parroquias excepto en Sillobre, que foi a única que perde

claramente habitantes: partindo de 1.434 no ano 1.940, crece lixeiramente ata 1.456 habitantes no ano 1970 e pasa a perder efectivos no ano 1981 en que conta con 1.321. Transformacións contrarias experimentan sobre todo Perlío, Fene e a recién creada parroquia de San Valentín que conta no Padrón de 1981 xa con 2.237 habitantes. A tendencia á concentración da poboación nos núcleos do rural, reducíndose así a dispersión, que xa víramos nas parroquias de interior continúa neste período, e ao mesmo tempo, vese agudizada a tendencia á concentración de tipo urbano da poboación nas parroquias costeiras de Fene, Perlío e San Valentín.

Despois destes anos de expansión demográfica e económica, nos anos 80 empezan a aparecer os problemas na industria naval que culminan coa aprobación dos Plans de Reversión do Sector Naval no ano 1984. A drástica redución de emprego no estaleiro naval propiciou non só o freo no crecemento poboacional, senón a aparición dunha tendencia de decrecemento no número de habitantes.

Centrarémonos agora para a contextualización nos aspectos económicos da nosa área de estudo. Nas primeiras décadas do século XX a actividade económica que ocupaba á maior parte dos veciños do concello de Fene era o sector primario, no marco dun modelo agrario tradicional. O laboreo das terras e a gandeiría combinábanse no marco dun sistema de produción orientado á subsistencia, orixinando escasos excedentes que son vendidos fundamentalmente ben nos mercados locais celebrados tres días á semana na parroquia de Fene, ou nos días 25 e 28 de cada mes na parroquia de Sillobre<sup>9</sup>.

Nas parroquias costeiras tamén tiña unha importancia significativa a pesca, así como o transporte de mercadorías e pasaxeiros con destino á cidade de Ferrol, a da

---

<sup>9</sup> O dato procede de Carre Aldao en 1925, en *Geografía Regional del Reino de Galicia* dirixida por Carreras Candi .



Coruña ou incluso a Cedeira. E paralela a esta actividade estaban os carpinteiros de ribeira en Perlío, Barallobre e Maniños.

Foi no ano 1909, baixo o reinado de Alfonso XIII, cando se aproba polo goberno de Estado presidido naquel intre por don Antonio Maura a *Ley de Creación de la Escuadra* e o posterior concurso de adxudicación do arrendamento das instalacións dos arsenais e do estaleiro á Sociedad Española de Construcción Naval. Esta iniciativa de acometer a renovación da flota naval española foi un factor determinante para a estabilidade económica na cidade departamental que favoreceu un forte crecemento demográfico e económico que afectou a toda a comarca<sup>10</sup>, xa pola demanda de productos de consumo alimentario (habría que falar neste punto dos muíños e os fornos de pan), de man de obra para o estaleiro e o Arsenal ou de productos destinados á industria ferrolá (velas, madeira, etc.).

Moi significativo foi na parroquia de Sillobre a existencia de numerosas lavadeiras que aportaban ingresos monetarios ás economías domésticas agrarias. A súa actividade consistía en recoller en Ferrol e incluso en Pontedeume fatos de roupa das casas que traían a Sillobre ben en carros ou a través da lancha, no caso de vir dende Ferrol. Durante os días da semana lavaban a roupa e o fin de semana ían levala ás casas onde a recolleran. Foi esta unha actividade que daba emprego a moitas das mulleres da parroquia e que estivo en vigor ata finais dos anos 60.


A partires do Padrón de Fene do ano 1.925 Ferrás Sexto ten establecido cal era a distribución profesional por sectores de actividade en Fene (Gráfica 3). Dos datos que obtén, comproba o peso fundamental do sector primario que acada o 66% dos activos; o sector de actividades que se poden clasificar como industriais, tanto empregados nos estaleiros ferrolans como nas pequenas industrias fenesas, que supón o 13%, porcentaxe

---

<sup>10</sup> Cubillas, C. *Desarrollo urbano y crisis social en Ferrol*. p 62.

baixo pero significativo para esa época, xustificable sen dúbida pola proximidade á cidade de Ferrol que está en pleno desenrolo da actividade constructora naval. A porcentaxe tan alta que reflexa o sector terciario tería a súa xustificación no elevado peso que aportan as lavandeiras na parroquia de Sillobre.

**Gráfica 3: SECTORES DE ACTIVIDADE EN 1925.**



*Fonte: Ferrás Sexto- Padrón 1925.*

Fundamental para comprender as transformacións que se foron producindo en Fene en tódolos eidos foi a constitución en outubro do ano 1941 de Astano (Astilleros y Talleres del Noroeste) como sociedade adicada á construción e reparación de buques. Este novo estaleiro emplázase en Perlío despois de comprar as instalacións dun estaleiro de ribeira que existía alí xa dende os anos vinte propiedade de don Ramón Aguilar. A nova empresa inicia a súa actividade cunha superficie de 3.000 m<sup>2</sup> e con 33 empregados. No ano 1944 xa empregaba a 715 personas e constrúe os primeiros barcos en aceiro que saen das súas gradas en maio do ano 1945.

Durante estas décadas o incremento paulatino das actividades industriais encardinadas nunha dinámica de economía capitalista, tanto no concello de Fene como na cidade de Ferrol, conviviron no caso do primeiro cunha actividade agropecuaria que seguía estando orientada hacia o auto abastecemento das necesidades familiares, e cunha reducida relación co sistema de mercado. As explotacións familiares estaban baseadas en estruturas minifundistas: Existían no ano 1962 segundo consta no Censo Agrario, un total de 1.089 explotacións agropecuarias en Fene, que abarcaban a 10.888 parcelas. De todas estas parcelas máis do 90% tiñan un tamaño inferior a 1 hectárea, o que limitaba notablemente a capacidade productiva das explotacións familiares.

Pero é a partir dos anos 60 cando o estaleiro Astano, que xa conta con máis de 2.500 empregados, inicia unha fase de expansión da súa actividade que será decisiva ao adicarse á construción de buques de gran tonelaxe, principalmente buques destinados ao transporte de petróleo, moi demandados nese momento polo mercado internacional de crudo dado os conflitos que provocaron o peche do paso pola canal de Suez no Golfo Pérsico. Esta actividade que se desenrola entre finais dos anos 60 e finais dos 70 coloca a Astano nos primeiros postos en capacidade de construción de buques do mundo, fundamentalmente petroleiros de gran tonelaxe. A demanda de man de obra tanto no propio estaleiro fenés como nas numerosas empresas auxiliares que traballaban para el foi moi elevada durante todos estes anos.

A transformación que isto propiciou en gran medida xa se describiu ao falar da evolución dos efectivos demográficos no concello ao longo deses anos. Pero tamén resultará moi ilustrador ver a configuración dos activos ocupados en cada un dos sectores de actividade económica (gráfica 5): No ano 1981 a transformación operada é radical producíndose a inversión do peso que antes, en 1925, tiña a agricultura (pasa do 66% no ano 1925 a ser un 2% no 1981) a favor do sector industrial que se en 1925 tiña


unha presenza do 13% no ano 1981 acada nada menos que o 75% do total dos activos. No conxunto, tal como reflexa a gráfica, a aportación do sector primario é moi reducida na década dos 80. Sen embargo este é un dato que debe ser moi matizado. En Fene a implantación do monocultivo industrial certamente propiciou a diminución da adicación tanto á agricultura como á gandeiría como actividade principal. Pero a estratexia que máis se puxo en práctica por parte das unidades domésticas foi a de que os cabezas de familia pasaban a ocupar postos de traballo na industria, mentras que as mulleres, ademáis de adicarse ás labores da casa, mantiñan un certo grado de actividade na pequena explotación agropecuaria familiar. Deste xeito explotacións familiares que noutras condicións non poderían ser rentables ou competitivas dende un punto de vista da economía clásica, o ter ingresos procedentes da industria, poden manterse en activo durante todos estes anos.

Os censos agrarios do 1982 amosan que o rasgo que observábamos no ano 1962 de que as explotacións agropecuarias contaban cunha estrutura parcelaria deficiente continúa a estar en vigor, aínda que se veu operando unha lixeira tendencia á redución no número de parcelas:

	<b>1962</b>	<b>1972</b>	<b>1982</b>
Nº parcelas	10.888	6.745	5.491
Nº explotacións	1.809	1.068	1.097

*Fonte Censos Agrarios de 1962, 1972 e 1982 do Ministerio de Agricultura.*

**Gráfica 4: DISTRIBUCIÓN DOS USOS DO CHAN 1982.**




*Fonte: Censo Agrario 1982.*

Este proceso hacia unha combinación de ingresos procedentes da industria e ingresos procedentes do campo, nunha economía doméstica mixta que participa á vez do sistema de mercado capitalista través da industria, así como de actividades que se colocan claramente fora dese sistema, a explotación agraria familiar, foise implantando en Fene xa dende o inicio do crecemento da industria naval. No censo agrario de 1962, ao que xa temos aludido, dos 1.060 empresarios agrarios existentes en Fene, o 69 % deles participan deste modelo mixto xa que declaran a explotación agraria familiar como secundaria xunto coa actividade no ámbito industrial que sería a principal fonte de ingresos. Según os datos do censo agrario do 1962 tan só o 32% das explotacións agrarias existentes no concello de Fene son declaradas como actividade principal. Esta combinación de fontes de ingreso nas unidades domésticas fenesas propiciou que o nivel de renda crecese dun xeito continuado acadando o concello o primeiro posto na estadística galega do ano 1982 de renda familiar por municipios con 545.687 pesetas o ano. As actividades agropecuarias tiñan unha presenza máis significativa nas parroquias interiores e máis montañosas, xa que as zonas litorais ese tipo de actividade se reducía maioritariamente a algunha pequena parcela adicada aos cultivos de horta. na gráfica 4 amosamos unha imaxe da distribución dos uso do chan no conxunto do

conello en 1982. No conxunto do concello, ao lado dos os cultivos de horta, os que contaban con maior presenza eran a pataca e o millo. Entre as especies gandeiras son porcino e o vacuno as máis abundantes pero sen ser explotadas cunha orientación hacia o mercado senon básicamente a cubri-las necesidades da unidade doméstica.

**Gráfica 5: OCUPACION POR SECTORES DE ACTIVIDADE 1981.**




*Fonte: INE.*

A coxuntura internacional no mercado da construción naval que entra en crise, así como a política de readaptación estrutural da capacidade productiva deste sector no marco da Comunidade Europea que emprendeu o goberno español, propiciou a elaboración e posterior aprobación no ano 1984 dos Plans de Reconversión industrial do Sector Naval. Fene e o seu estaleiro de Astano foi un dos grandes perxudicados por este novo escenario xa que ve reducido o seu número de empregados dos 5.569 cos que contaba no ano 1984 aos 2.146 no ano 1990, é decir unha redución de máis do 60%. Son anos nos que se reducen os empregos non só na factoría naval, senón en tódalas empresas auxiliares do estaleiro o que repercute negativamente no nivel xeral de

actividade económica do concello. Este deixa de recibir aportes de novos habitantes para instalarse nas súas parroquias e incluso pasa a perder poboación.

O feito de que nunca se abandoara de todo a actividade agraria é unha circunstancia que amortiguou en gran medida o impacto negativo da crise industrial. Moitos ex empregados industriais afrontan a crise con algo menos de dificultade. Este fenómeno foi común á maior parte dos concellos veciños que no seu día tiveron aportado moitos efectivos á industria naval.

**Gráfica 5: OCUPACION POR SECTORES DE ACTIVIDADE 1991.**



*Fonte: INE.*

As novas circunstancias quedan claramente reflexadas nos cambios na porcentaxe de distribución dos activos por sectores de actividade. O sector terciario cae drasticamente dun 75% co que contaba antes da crise naval no 1981, ata o 53% no ano 1991. O crecemento do sector primario hai que comprendelo no marco descrito anteriormente dunhas unidades familiares de economía mixta, nas que trala crise nalgúns casos recupérase a actividade agropecuaria como actividade principal. A

actividade agropecuaria no concello de Fene no ano 1994, despois de superado o peor da reconversión naval, continúa a ser un sector con presenza no concello, maior nas parroquias interiores, pero tamén moi limitada a un papel secundario dentro das estratexias económicas das unidades familiares. O estado deste tipo de actividade amosámolo nos seguintes datos elaborados pola Consellería de Agricultura:

<b><i>Censo da Campaña de Saneamento gandeiro de 1994 en Fene.</i></b>				
<b>Nº de Explotacións</b>	<b>Nº Total de Vacas</b>	<b>Nº Total de Reses</b>	<b>Nº de Vacas de Leite</b>	<b>Nº de Vacas de Carne</b>
129	393	568	280	113

*Fonte: Consellería de Agricultura, Gandeiría e Montes.*

<b><i>Distribución Municipal de Terras en Fene. Principais Superficies e Cultivos (Ha) 1994:</i></b>					
<b>Prados e Pasteiros</b>	<b>Pataca</b>	<b>Cultivos Forraxeiros</b>	<b>Hortalizas</b>	<b>Froiteiras</b>	<b>Viñado</b>
168	328	405	60	16	0

*Fonte: Consellería de Agricultura, Gandeiría e Montes.*

Nese novo contexto económico, a actual configuración da pirámide de idades e sexos, da que presentamos un resumo por grupos de idade, amosa unha estrutura cunha base que tende a diminuír. Isto responde ao freo no dinamismo demográfico: o crecemento vexetativo é negativo, fundamentalmente pola caída na natalidade, e xa non hai aporte de habitantes procedentes da inmigración. En conxunto temos unha tendencia ao avellentamento poboacional cun claro predominio da poboación madura.

<b><i>Estructura da poboación de Fene segundo idade e sexo en 2001(%)</i></b>
---



<b>Cohortes</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>	<b>Totais</b>
Xoves: 0-19 anos	9.1%	8.1%	17.2%
Adultos xoves: 20-39anos	16.6%	16.6%	33.2%
Adultos vellos: 40-59 anos	13.2%	13.9%	27.1%
Vellos: máis de 60 anos	10.3%	12.1%	22.4%
Totais	49.2%	50.7	100%

*Fonte: IGE.*

As transformación descritas para todo o concello de Fene durante o pasado século XX e inicios do XXI perfilannos un concello que se estrutura con claridade nunha zona litoral densamente poboada na que o proceso de concentración dos asentamentos foi predominante ata adquirir nas parroquias de Fene, Perlío e sobre todo San Valentín un carácter netamente urbán. Ese carácter está presente tamén dun xeito máis laxo nas parroquias de Barallobre e Maniños. As parroquias de Limodre, Magalofes e Sillobre, con ter participado tamén desa tendencia á diminución de entidades de poboación ao longo dos últimos anos, así como incluso da edificación de urbanizacións que aumentaron significativamente o peso poboacional dalgún núcleo respecto do conxunto parroquial (nomeadamente o caso de Pedre en Sillobre), seguen a conservar un perfil marcadamente rural en canto o seu tipo de asentamento da poboación. Atopamos neste segundo grupo de parroquias a maior cantidade de casas nas que se mantén algún tipo de actividade agropecuaria xa como actividade principal, ou en combinación con actividades nos sectores industrial ou de servizos.

## **II. A VARIEDADE NO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO FENÉS.**

As vivendas, e en xeral todas as modalidades de construcións arquitectónicas que aquí se recollen, experimentaron o longo do tempo toda unha serie de transformacións que reflicten as respostas que culturalmente se foron articulando diante

de novos contextos e circunstancias cambiantes. É este un tema que vai máis alá dunha básica perspectiva dos aspectos formais e funcionais, implicando para a súa cabal comprensión a necesidade de atender o dinamismo do entramado mental e simbólico, os valores e significados, nos que se asentan. Tendo en conta esta perspectiva presentamos de seguido neste apartado unha reseña, necesariamente limitada e incompleta, das tipoloxías máis relevantes que temos atopado no concello que nos permitiran establecer un mínimo marco referencial no que encadrar todos os elementos aquí inventariados.

### 1. UNHA ARQUITECTURA POPULAR TRADICIONAL.

Un dos tipos máis antigos de casa-vivienda que se poden atopar en Fene é a casa de sobrado. Son construcións edificadas na súa maior parte ó longo do século XIX partindo dunha planta básica con forma rectangular de variadas dimensións. Os muros, comunmente de cachotería, aproveitan a pedra do entorno, podendo nalgúns casos utilizar reforzos nos esquinais e nos vans con pedra de maior calidade. A cuberta, inicialmente de dobre vertente, conta cunha cubrición de tella curva ou de lousas de pizarra.

Na planta da casa poden observarse tres ámbitos diferenciados: *cociña*, *corte* e *sobrado*, que se corresponden con tres funcións fundamentais desenvolvidas pola casa: o cociñado dos alimentos, a estabulación do gando e o descanso nocturno da familia.

A *cociña* sepárase habitualmente da *corte* por un muro de pedra no que se abren uns ocos para servir como *comedeiras* para as vacas. Dentro da *cociña* o elemento principal é a *lareira*, lixeiramente elevada sobre o chan, usualmente de terra pisada, na que se prende o lume e se cociña o alimento de homes e animais. Para a saída do fume pódense practicar *fumeiras*, pero a maior parte das veces éste simplemente sae polas rendixas entre as lousas ou as tellas do tellado invadindo todo o ámbito da *cociña*, o que

permite a súa utilización para curar diferentes alimentos. Entre eles, o máis importante son as castañas, básicas na alimentación invernal, para as que se eleva, deixando libre o ámbito da *lareira*, un entramado de varas de castiñeiro chamado *caínzo*. Ás veces levantouse unha chimenea para evacuar o fume da cociña, especialmente nos casos nos que a casa foi habitada ata tempos moi recentes polo que se lle foron engadindo diferentes reformas. Tamén na *cociña*, cercano á *lareira*, pode situarse o forno para o pan, co seu ábside semicircular de cachotería sobresaíndo na fachada exterior.

O chan de terra da vivenda presenta un desnivel aproximado de medio metro que marca unha nova separación entre *corte* e *cociña*. O nivel situado nun lugar máis baixo é o adicado ó abrigo e ó cuidado do gando: a maioría do espazo adícase a *corte* para as vacas pero, separados desta por paredes de táboas, cachotería ou *chantas* atopamos tamén *cortellos* para os becerros ou para os cerdos. A *corte* queda ó mesmo nivel que a *cociña* ó ser *estrada* con toxo, formando un leito vexetal que se mezcla co excremento animal dando lugar ó estrume, un fertilizante básico para as terras.

O *sobrado*, de madeira, constrúese a uns dous metros de altura cubrindo exclusivamente a *corte* e quedando aillado do resto da casa gracias ó muro de separación entre a *corte* e a *cociña*. Desde ésta sálvase o desnivel por medio dunha escaleira de madeira, situada polo xeral en medio das *comedeiras*, que remata nunha porta que conta con algún tipo de pechadura e que está permanentemente cerrada durante o día. O *sobrado* acostuma a ter pequenas fiestras, algunha das cales pode ser substituída por unha porta aberta cara un *balcón* apoiado sobre *canzorros* de pedra ou incluso sen que exista un *balcón* ou outro tipo de pechamento creando unha *portadaire*. No seu interior, que normalmente permanecía sen dividir ou con sinxelas divisións de tabiques de madeira, ubícanse entre outros elementos as camas colocadas xunto ás

paredes, algún armario para a roupa, espellos, reloxos ou algunha gran mesa que se utilizaba nas festas, cando había invitados, ademáis doutras posesións da familia.

A triloxía funcional *cociña, corte, sobrado*, permítenos extraer algunhas conclusións acerca dos valores e a simboloxía implícita nun mundo campesino tal e como era boa parte do concello de Fene ata a segunda metade do século XX. No tipo de edificación máis frecuente das casas campesiñas resulta significativo o estreito contacto no que homes e animais conviven durante todo o día: as vacas teñen un lugar específico, central e destacado no ámbito máis cercano ó home, que pode observalas a traveso das *comedoiras* mentres realiza calquer actividade na *cociña* e sentilas a traveso do piso de madeira do *sobrado* mentres descansa pola noite. Esta proximidade espacial amosa que a vaca era o elemento máis valioso da economía doméstica e que da súa incerta rendabilidade, suxeita ós avatares do azar, dependía a supervivencia da casa.

A convivencia entre os homes e os animais ten importantes implicacións na *limpeza* doméstica: o olor dos animais e os seus excrementos mézclase na *cociña* co olor do fume que provén da *lareira*; o vaho animal neutralízase co fume, que posúe un carácter máis cultural, xa que surxe da necesidade humana de *cociñar* os alimentos e á vez serve para curar todo tipo de embutidos e para secar as castañas. A *cociña* supón, fronte á *corte* chea de excrementos animais, un nivel superior de cultura e limpeza. Pero é no *sobrado* onde a limpeza convírtese no elemento diferencial.

O *sobrado* caracterízase ademáis pola súa celosa privacidade. A súa porta atópase sempre pechada e as súas funcións fundamentais son o reposo nocturno (non se utiliza para dormir a sesta, da que se disfruta habitualmente na *cociña*), o coidado dos enfermos, a costura, a celebración das festas patronais e dos velatorios de difuntos. Ó *sobrado*, sempre ben ventilado gracias a que as súas fiestras permanecen abertas durante todo o día, súbese en zapatillas, na escaleira déixanse os zapatos que se utilizan

habitualmente; as súas paredes están cubertas de imaxes sagradas e coas fotos familiares, sobre todo cos retratos de pais e avós e só queda aberto o resto dos veciños e familiares en ocasións solemnes. É neste espacio indiviso, sen barreiras internas á unidade da familia, onde ésta surge como grupo en contraste coa gran privacidade que afecta ós que non son da casa. É aquí tamén, en momentos moi sinalados, onde a familia recibe a compañía dos parentes e a solidariedade dos veciños.

Ás tres funcións esenciais que cumple a casa-vivenda engádese a de almacenaxe que, con frecuencia, esixe dependencias que son construídas fora do edificio principal: hórreos, cabanas, palleiras, bodegas do forno, alboios, arrimos, alpendres etc., enriquecendo o plano inicial dunha casa en cuia evolución prima a xustaposición de elementos sobre as reformas internas.

A casa de sobrado aquí descrita representa un modelo válido para as casas-vivienda tradicionais de maior antigüidade existentes en Fene. Neste concello existen exemplos que recollen un bó número das variantes deste modo de organización do espacio doméstico: no Barreiro, en Marraxón ou en Conces de Arriba, entre outros. Estes exemplos presentan tamén diferentes variacións e reformas que transforman a casa segundo as necesidades e as capacidades da familia que a posúe.

Existen ademáis outros dous modelos extremos dentro do conxunto das vivendas características do mundo campesiño galego que complementan o modelo anterior e contribúen a establecer unha clasificación social xerárquica baseada no nivel de riqueza das familias: son os “casetos” e as “casas fortes”.

O “caseto” é unha construción de pedra moi elemental que conta cunha soa planta, xeralmente é pouco máis que un *alpendre*, no que unhas *chantas* ou un pequeno tabique dividen o ámbito da corte do resto do espacio, no que se cociña e durme a familia. Caracterizado pola extrema pobreza, a *corte* é o lugar máis indispensable,

ocupando o maior espacio posible. Aínda que algúns deles todavía manteñen a estrutura orixinal, a maioría deles foron reutilizados como cuabras, bodegas, alpendres para as ferramentas ou a leña, etc.

As “casas fortes” campesiñas, con unha ou con máis *cociñas* e *cortes* no seu interior, rodéanse exteriormente de signos de prestixio: alpendres específicos, *bodegas*, grandes hórreos e amplas *airas*. No aspecto exterior da casa púñase un especial interese nos detalles de cantería labrada, e no seu interior destacaban os *cuartos*, especialmente decorados e cun mobiliario considerable: camas, ropeiros, cómodas, mesas talladas, chineros, etc. Ó referírmonos a este tipo de casa en Fene non aludimos unicamente ós pazos nobiliarios, ás casas rectorais, os ás casas arquitectónica ou formalmente chamativas. Por suposto que estas últimas existen nun bó número neste concello, pero en moitas das “casas fortes” campesiñas a fisonomía exterior non é o único elemento determinante, xa que se trata sobre todo de casas de especial releve económico que baseaban a súa riqueza na posesión de terras e no establecemento dunhas relacións de clientela co resto da parroquia.

Un segundo tipo de casa-vivenda característica do mundo campesiño presente no concello de Fene é a casa de piso, en gran medida derivada das sucesivas modificacións introducidas na casa de sobrado. Este tipo de casa conta con dúas plantas e unha maior complexidade na súa organización espacial interna.

Na planta baixa sitúanse a *cociña* e a *corte*, que agora van estar claramente separadas por medio dun pasillo e de tabiques. A este pasillo dan as portas exteriores da vivenda (que se abren ó patio da *aira* e ó patio do *curral*), ademáis da porta de entrada á *cociña*, a escaleira do sobrado, as fiestras para as *comedeiras* e en moitas ocasións a porta da *corte*, se ben esta última pode ter un acceso independente do pasillo.

Na *cociña* deste tipo de casa vaise xeralizando o emprego da estrutura de *cambota* e cheminea para a extracción do fume que provén da *lareira*. A parte superior desta dependencia cúbrese separándoa da cuberta, e establecéndose dese modo ben unha prolongación do *sobrado* ou ben un espacio contiguo a éste que é adicado ó almacenaxe. A esa acción de cubrir o teito da *cociña* é denominada *pisar a cociña*. Nas paredes de pedra da *cociña*, que tenden a encalarse, ábrese unha fiestra debaixo da que se soe colocar o fregadeiro.

Como xa diximos, a *corte* vaise separando claramente da *cociña*, a veces cunha entrada propia, e segue tendo unha escasa iluminación e ventilación. Pola súa banda o *sobrado* vai gañando paulatinamente en superficie e en altura, o que permite que se vaian abrindo máis fiestras nas fachadas laterais da casa-vivenda. A distribución interior segue realizándose a base de cortinas e nalgúns casos recúrrese a separacións de táboas, aínda que nestes casos inicialmente non se colocan portas.

En non poucas ocasións, cando as condicións económicas da familia o permiten, este modelo de casa de piso é o utilizado para construír unha nova vivenda. Dese modo, a vella casa familiar queda como secundaria ou como auxiliar da nova, e moi frecuentemente pasa a ser utilizada como almacén ou como *corte*. Coexistirán e coexisten vivendas que seguen este modelo de casa de piso con vivendas que seguen o da casa de sobrado, ademáis de toda unha serie de mezclas e variantes entre os dous modelos. Xunto a elas, *casetos* e *casas fortes* completan o abano tipolóxico da casa-vivenda rural de Fene básicamente ata la década dos sesenta do século XX.

O continuo cambio de circunstancias van ir propiciando novas transformacións que cada vez van ser máis rápidas na casa-vivenda. Neste sentido foron moi significativos factores como a mellora das comunicacións, o acceso xeralizado á enerxía eléctrica, os novos materiais constructivos, etc. Con particular significación hai que

falar das novas posibilidades de ingresos non agrarios na unidade familiar: que se incrementarán moi significativamente coa creación e posterior desenvolvemento de ASTANO, ata case acabar coa antiga adicación no sector primario dos habitantes deste concello.

As reformas e as melloras realizadas nas casas-vivenda foron abundantes, tanto no seu interior como na súa estrutura, seguindo na maior parte dos casos pautas e criterios de tipo urbán que convivirán con outras características máis propias do mundo rural. Un exemplo do que decimos proporcionánono a coexistencia dentro das cociñas das *lareiras* coa bilbaína de ferro e os fornillos de butano, a xeralización dos electrodomésticos, a división en habitacións independentes, os cuartos de baño, o novo mobiliario (sala, comedor, TV, etc.).

Outra alternativa que cada vez vai ser máis habitual, sobre todo nos últimos cincuenta anos do século XX, é a construción de novas casas-vivenda seguindo uns modelos que xa non proceden do ámbito rural. Unhas veces responden á tipoloxía propia dun chalet, outras a formas próximas a construcións frecuentes noutros países ou zonas ás que se emigrou e en xeral a pautas urbanas. Neste sentido teñen gran importancia neste concello as casas indianas, nadas grazas á existencia da emigración e do retorno dos emigrantes traendo consigo novos modelos arquitectónicos e sociais.

Os valores que nun principio vimos que ordeaban a separación dos espazos interiores da casa-vivenda rural de sobrado fóronse modificando paulatinamente ata chegar ós que atopamos na actualidade. Vimos cómo cambiaron os criterios de privacidade dentro da familia, de suciedade e de limpeza, de hixiene, de separación entre natureza (gando) e cultura (home), características estéticas, etc. O caseto, a casa de sobrado, a casa de piso, as casas indianas e as casas de recente construción, xunto con



toda unha serie de variantes e mezclas entre eses diferentes tipos, son respostas a cada coxuntura protagonizada por novas circunstancias e valores.

A traveso da análise dos distintos tipos de casa conseguimos entender os cambios que tiveron lugar no mundo rural e nas vilas galegos non como rupturas, senón como procesos acumulativos que nos presentan a casa-vivenda como un elemento de adaptación e evolución dinámica nos estilos de vida e na forma de habitar. A facultade de adaptación constitúe a proba máis fehaciente da capacidade de supervivencia e perpetuación dos grupos domésticos.

Entre as diferentes dinámicas que foron introducindo transformacións dentro da consideración da arquitectura popular, unha das máis actuais é considerar ós propios habitantes dun lugar como os conservadores dun patrimonio susceptible de ser convertido nunha nova vía de diversificación da economía local. Os programas de desenvolvemento de actividades de turismo rural e ecolóxico, a protección de áreas naturais, etc. que están sendo promovidos desde diferentes administracións teñen nesa idea o seu principio básico.

## **2. A ARQUITECTURA INDIANA:**

No concello de Fene a emigración a América tivo unha moi importante incidencia, feito este que queda reflectido nas numerosas construcións indianas existentes polas diferentes parroquias do concello. Este fenómeno migratorio concentrouse fundamentalmente nas últimas décadas do século XIX e as tres primeiras do século ata que se inicia a Guerra Civil, sendo o periodo de maior intensidade na afluencia de emigrantes as dúas primeiras décadas dese século XX.

As motivacións e as estratexias dos emigrantes foron diferentes segundo os casos; algúns iban a intentar gañar unha cantidade suficiente para poder solucionar

algunha necesidade familiar ou personal, e unha vez obtido ese obxectivo volvían a terra repetindo o proceso si fose necesario, outros moitos foron e quedaron ala sin poder acadar unha situación económica favorable, pero tamen foron moitos os que fixeron fortuna e volveron a terra.

Neste último grupo abundaron os que construíron novas vivendas familiares cunhas características importadas de América, moitas veces procedentes dun marco urban, e adaptadas en maior ou menor medida a Galicia. Asimismo creáronse sociedades de naturais dun determinado lugar que se preocupaban por favorecer a mellora das condicións e calidade de vida dos seus conveciños. Hai que citar no caso do concello de Fene a Sociedade de Instrucción Naturales de Fene creada no ano 1910 ou a Sociedade de Instrucción Fillos de Limodre creada no ano 1925. Unha preocupación sempre presente neste tipo de entidades era a de favorecer as posibilidades de educación e formación dos rapaces e rapazas para que poidesen afrontar o seu futuro nunhas condicións máis ventaxosas que os seus parentes maiores. Foi configurándose deste xeito unha rede de escolas de carácter público a iniciativa desas sociedades, e nas que se facía un significativo esforzo por aplicar novas técnicas pedagóxicas e ampliar os contidos e áreas nas que se daba formación.

## 2.1. AS ESCOLAS INDIANAS:

No libro editado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, *Indianos. Arquitectura da emigración na península de Bezoucos*, no que se recolle un pormenorizado estudo de moitas das edificacións indianas existentes nesa área, na que lóxicamente esta incluída o Concello de Fene, temos que na sección adicada a analizar as escolas indianas estableceuse seis tipos de edificacións. Cada un deles está singularizado por unha serie de características formais, podéndose incluso establecer

subgrupos dentro dalgun dos tipos básicos de escolas promovidas por indianos dentro da area que estudan. Desos seis tipos básicos establecidos atopamos que no concello de Fene hai representación de dous deles:

- O denominado tipo 2, que consisten nun volume prismático con base rectangular desenrolado en dous andares, estando adicado o baixo a escola e o primeiro andar a vivenda dos docentes.

A este tipo de edificación corresponde o Grupo Escolar Fillos de Limodre, levantado entre os anos 1926 e 1927 pola Sociedade de Instrucción Fillos de Limodre e polo comité na Habana “Pro Escola de Limodre”.

- O denominado tipo 3, que presentan un corpo principal, con base rectangular, no que están dispostas dúas aulas e adosado a ese corpo principal na fachada frontal existe outro corpo de menor tamaño no que esta o acceso principal o edificio e dous despachos, un a cada lado da porta de acceso.

A este tipo de escola indiana corresponden a escola “Concepción Arenal” situada a carón da Avenida Porta do Sol na parroquia de Fene, e a escola “Curros Enríquez” situada xunto o campo da festa na parroquia de Maniños. Ambas dúas escolas foron promovidas pola Sociedade naturais do Concello de Fene e inauguradas o ano 1916.

## 2.2. OS CINES E SALÓNS DE BAILE:

Dos que retornaron de América moitos viñeron con capital suficiente para vivir de rentas, outros para iniciar unha vida pola súa conta facendo unha casa ou comprando terras, pero outros tamen empregaron esos cartos gañados na emigración en iniciar un

negocio propio. Dende o punto de vista en que aquí nos centramos, o das edificacións de tipo indiano, interesámonos as construcións que se levantaron para adicalas a esas actividades mercantis xa que nelas amosábanse loxicamente as peculiaridades da arquitectura indiana.

Nun primeiro momento o que se construíu por parte dalguns indianos foron salóns de baile nos que ademais dese tipo de actividade lúdica tamen tiñan lugar reunións sociais e cenas sobre todo con ocasión das festas de verán e romarías para agasallar os visitantes e veraneantes ilustres que pasaban eses meses de estío na parroquia. Pero sen dúbida a actividade máis frecuente eran as sesións de baile que permitían a reunión de mozos e mozas de toda a comarca.

No concello de Fene existiron varios desos salóns construídos a iniciativa de emigrantes a América retornados que montaron aquí os seus negocios. Dende o punto de vista formal tratábase de edificacións que presentan unha estrutura moi sinxela, fundamentalmente a partir dunha planta rectangular, cun so andar, e cun amplo espazo interior o que se proporciona iluminación natural por toda unha serie de ventás dispostas nas fachadas, sobre todo na frontal. Exemplos deste tipo de edificación son os salons de baile que atopamos nas parroquias de Sillobre, o salón de Francisco Anca, na de Barallobre donde está o salón de Antonio Luis Maceiras Abelleira, ou na parroquia de Maniños co salón de baile Cardoeiro de Bernardo Pérez Villara.

Todos estes salóns xa estaban en funcionamento no primeiro tercio do século XX, e co paso dos anos coa chegada das películas de cine, estas salas e estes empresarios van ser os primeiros en adicarse a realizar dun xeito sistemático proxeccións de cine no concello.

### 2.3. AS EDIFICACIÓNS DOMÉSTICAS:

Pero sen dubida o grupo de edificacións indianas máis numeroso e con máis presenza no concello son as vivendas familiares. Tamen neste grupo realízanse no estudo o que vemos facendo referencia do Colexio de Arquitectos de Galicia, unha serie de divisións tipolóxicas, e delas constatase que existen exemplos no concello de Fene basicamente nas seguintes:

- vivendas indianas de tipoloxía tradicional, que abarca aquelas vivendas domésticas construídas seguindo o modelo dunha vivenda tradicional pero singularizadas polo uso dunha ornamentación caracteristicamente indiana, así como por unha diferenciación no tratamento das fachadas. Este grupo de vivendas indianas de tipoloxía tradicional está a súa vez dividido en outros tres dos que en Fene atopamos exemplares en dous deles:
  - \* vivendas tradicionais tipo 1: con planta rectangular, cuberta a dúas augas e coa cumieira perpendicular a fachada frontal. Poden ser de planta baixa, de baixo máis un ou dous andares, e xeralmente con baixocuberta tamen adicado a vivenda familiar.
  - \* Vivendas tradicionais tipo 2: temen con planta rectangular pero tendo neste caso disposta a fachada frontal nun dos lados máis longos, podendo organizarse nun baixo e baixocuberta, ou ben nun baixo con un ou dous andares e mailo baixocuberta.
- Vivendas indianas burguesas ou de “autor”: a esta categoría corresponden aquelas vivendas que destacan, por un lado, por ser máis chamativas, amosando claramente o maior poder económico dos seus propietarios, e por outro lado porque foron edificadas xa por un arquitecto o ben por algún recoñecido mestre de obra. Aquí as subdivisións que se establecen son primeiro a das denominadas vivendas con torre nas que se incluírían do concello de Fene a chamada casa

Garabana en Limodre, ou a construída por Antonio Viana “O portugués” no Camiño Grande tamen na parroquia de Limodre. Nun segundo momento falase das vivendas indianas con cuberta plana nas que están incluídas a Villa Lorenza de Limodre, unha das máis orixinais vivendas indianas do concello fenés realizada polo contratista de Franza Germán Brage, e tamen a casa Gomez Casal na rua doutor Sixto Mauriz en Sillobre.

- Vivendas indianas singulares: abarca este grupo a aquelas edificacións que por motivos moi diversos se diferencian de todas as demais presentando solucións arquitectónicas e combinacións decorativas peculiares que responden a un claro interese de ostentación e de distinción dos seus propietarios que dispoñendo dunha capacidade económica importante queren deixar constancia dela diante dos seus veciños. Neste grupo esta a que sen a menor dúbida é a edificación indiana máis peculiar do concello: A Casa da Maleta no Camiño da Vrea en Barallobre.

Tamen cabería falar dunha arquitectura relixiosa e incluso funeraria de tipo indiana no sentido de que foi promovida por emigrantes en América, do que son un exemplo no concello de Fene a igrexa de San Xosé de Limodre ou mesmo o cemiterio desa mesma parroquia.

Pero interesanos destacar que toda estas tipoloxías indianas o que viñeron a supoñer foi a xeralización de novas formas de construír, novos materiais e novos significados expresados a través das construcións. Si ben en moitos casos o punto de partida foron estruturas edilicias tradicionais, os novos materiais permitiron realizar estruturas imposibles anteriormente; un bo exemplo desto que decimos temolo na Villa Lorenza de Limodre, que foi realizada a partir dunha vivenda tradicional alí existente.

Esas novas posibilidades deron tamen novas posibilidades a linguaxe arquitectónica para expresar novos valores e novas xerarquías vinculadas os indios. As novas tipoloxías das vivendas indianas, a súa instalación no espazo, rodeadas de árbores e xardíns, a profusión decorativa, non son sino expresión dunha situación de poder económico e social proporcionado pola emigración afortunada que quere amosarse por parte dos propietarios das casas. Nese mesmo sentido están as novas formas de entender valores como os da hixiene e a limpeza coa construción de retretes e aseos nas vivendas, así como de percibir e entender o espazo e os seus usos: os salons, as salas de estar, a iluminación con luz natural dos interiores, os balcones,...

E ben certo como di Alonso Pereira que “En todo caso, esta *arquitectura indiana* conleva unha preocupación por mellorar e embelecer o entorno social e traslada os estilos urbanos ó medio rural nun proceso carente en xeral de revisión crítica.”<sup>11</sup> E xunto con isto que é algo estritamente arquitectónico ven da súa man unha diferente cosmovisión e forma de vivir que se considera máis moderna e avanzada.

Non é de estrañar polo tanto que ese tipo de construcións, fundamentalmente as vivendas domésticas fosen modelos constructivos que se adoptaron por outras persoas que sin ser emigrantes participan de algún o algúns aspectos que se reflicten e expresan por medio desa arquitectura. E aquí atopamos unha peculiaridade significativa en Fene, que lóxicamente non é algo exclusivo del, pero si que resulta significativo: o importante número de vivendas familiares que sin ser promovidas por indios, e dicir emigrantes en América, son formalmente similares. Isto é algo particularmente claro no grupo denominado no referido libro sobre a arquitectura indiana na península de Bezoucos: “vivendas tradicionais tipo 1” e “vivendas tradicionais tipo 2”

---

<sup>11</sup> Alonso Pereira, José Ramón. “La arquitectura indiana” en Fernando Bores Gamundi (Coord.). *Casas de Indianos*. Xunta de Galicia. Santiago. 2000.

Ese feito hai que poñelo en relación coa peculiaridade de que as edificacións indianas realizadas por arquitectos foron as menos, sendo o máis frecuente que se recurrise a maestros de obra e constructores locais, que seguindo modelos prototípicos iban reproducindoos sistemáticamente con apenas modificacións. Unhas veces isto tamen ocorria por iniciativa dos propietarios que encargaban a construción de vivendas que seguiran as pautas e modelo doutros xa existentes. Incluso non faltan exemplos no concello de vivendas que foron promovidas polo mesmo propietario a partires do mesmo proxecto.

Seguindo con este mesmo asunto das reiteracións formais podese falar tamen da ornamentación empregada nas vivendas que aparece tamen repetida en edificacións moi diferentes no concello pero que nos indican claramente que estan realizadas a partires do mesmo molde: exemplo do que acabamos de decir son principalmente algunhas decoracións dos linteis e xambas dos ocos, e os debuxos que presentan os antepeitos de balcóns.

### **3. ARQUITECTURA REXIONALISTA:**

Un tipo de arquitectura que tamen aparece moitas veces vinculada a realizacións de arquitectura indiana, e a denominada Rexionalista que foi un intento de definir unha arquitectura de raíces galegas intentando buscar referencias que permitiran crear unha tradición nacional ou rexional. Este movemento que se ten producido nas primeiras décadas do século XX tivo manifestacións en moitas zonas do territorio español, citandose como arquitectos relacionados con ese movemento a Gaudi ou ó galego Palacios.



No caso galego van a ser o románico de transición e o barroco os estilos que se consideran xenuinamente galegos, sendo polo tanto as fontes donde se foi a buscar inspiración para unha arquitectura que se pretendía propia e autoctona de Galicia.

Como elementos que caracterizan esa arquitectura temos “a utilización de pináculos e cúpulas, a enfatización dos petriles de azotea, os balcones de deseño audaz, a reiteración de placas vidriadas, o refinado manexo do ferro [...] a combinación de materiais antigos e modernos de coidado deseño”<sup>12</sup>. Elementos de carácter rexionalista atopámoslos en varias edificacións, destacando os casos do antigo concello, hoxe edificio de servizos múltiples, e o da torre da gasolinera de Fene.

### **III. O PATRIMONIO CATALOGADO:**

O obxectivo que nos plantexamos a hora de elaborar este traballo de investigación era inicialmente o de catalogar e inventariar o patrimonio arquitectónico tradicional nas oito parroquias do concello de Fene. Esa foi a proposta que presentamos a convocatoria de Becas de Investigadores Noveis Bieto Cupeiro na súa edición do 2001. O concepto de arquitectura tradicional co que nos traballabamos para esa proposta era o daquelas construcións que tamen son coñecidas como arquitectura popular, ou incluso como arquitectura sen arquitectos, e dicir, falamos fundamentalmente de vivendas, construcións adxectivas, pontes, fontes, fontellas, lavadoiros, e outras moitas, que habitualmente non aparecían nas catalogacións académicas que xeralmente reflicten exemplos de arquitectura “cultura” ou “singular”. Evidentemente é esta unha síntese simplista por non pormenorizada; somos conscientes de que habería moito que falar por exemplo do papel dos etnógrafos a hora de revalorizar e documentar todo ese patrimonio en moitos lugares do país; outro tanto habería que dicir do mundo

---

<sup>12</sup> *Op Cit.* Pax. 59.

academico e profesional vinculado fundamentalmente a arquitectura. Sen embargo a nosa experiencia amosanos que en liñas xerais a hora de incentivar este tipo de estudos por parte de moitos concellos e institucións persiste a dicotomía de ver por un lado aquelas construcións que presentan unha singularidade marcada, mosteiros, igrexas, pazos, rectorais,... e por outro, nun segundo nivel de interese como algo exótico e turístico as construción populares, vivendas, lavadoiros, etc. Seguindo este patron o patrimonio relacionado co mundo rural é moitas veces minusvalorado, cando non directamente esquecido si non se trata de pazos ou grandes casas nobiliarias. Xa hai unhas cantos anos que esos criterios están mudando, e sobre todo nos últimos tempos o auge de programas da Unión Europea nos que se promoven “a posta en valor do patrimonio rural” como fonte de novas iniciativas para diversificar a economía do campo.

En definitiva, o que era o noso propósito inicial consistía en demostrar que nun concello tan urbanizado e modernizado como o de Fene todavía existen abundantes exemplos de arquitectura popular tradicional susceptibles de ser revalorizados, e incluso algúns deles realmente singulares no sentido máis clásico que apuntábamos máis arriba: pensabamos por exemplo, entre outras posibilidades, na rectoral de Magalofes co seu pombal, no horreo existente no lugar da Prega tamen en Magalofes, na casa do Gorrión en Sillobre ou na casa do Revolto tamen en Sillobre.

Pero todo isto sin perder de vista que as casas-vivenda rurais interésannos como expresións de concretos universos organizativos e mentais, sustentados nuns valores que resultan intrínsecamente cambiantes. A perspectiva de análise, ou punto de vista, que eleximos é a proposta desde a Antropoloxía Cultural<sup>13</sup> porque, seguindo a C.

---

<sup>13</sup> Os plantexamentos teóricos e metodolóxicos que aplicamos neste traballo seguen os establecidos en Fernández de Rota, J.A. , Irimia Fernández, P. *Los protagonistas de la economía básica*. Diputación Provincial de A Coruña. A Coruña, 1998.

Bromberger<sup>14</sup>, a vocación holística que caracteriza a esta disciplina permítelle chegar a comprender a imaxe sintética dun grupo humano a traveso da diversidade das súas manifestacións. Desde esta perspectiva o hábitat e a vivenda son analizados e comprendidos como obxectos totais, “como o lugar de intersección de múltiples lóxicas, a lóxica ecolóxica, a lóxica técnica, a lóxica económica, a lóxica social ou a lóxica simbólica”. Atendese non só os aspectos unicamente formais, senón que entre outros factores abórdanse as relacións entre a casa (entendida como institución<sup>15</sup>) e as actividades de produción e reprodución da unidade doméstica; o lugar que ocupa a casa dentro da organización social; as maneiras de concebir, organizar e habitar o espacio como o reflexo do *ethos* dunha comunidade ou a relación entre espacio e crenzas e prácticas simbólicas; xa que a casa-vivenda, ademáis de ser unha manifestación dun carácter utilitario ou funcional que conta con diferentes características formais, amosa tamén toda unha trama de significación cultural que nos remite a uns particulares modos de vivir e de entender a realidade.

Por outra banda coñecíamos a existencia de estudos e catalogacións realizados con anterioridade que tamen incluíron o concello de Fene: *Arquitecturas da Provincia da Coruña*, concretamente o seu volume VIII, publicado pola Deputación da Coruña, *Casas de Indianos* publicado pola Xunta de Galicia e fundamentalmente a obra editada polo Colexio de Arquitectos de Galicia *Indianos. Arquitectura da emigración na península de Bezoucos: Ares, Cabanas, Fene e Mugar dos*, e toda unha serie de bibliografía na que dun xeito máis ou menos directo se aportan relevantes datos e

<sup>14</sup> Bromberger, Christian. “L’habitat et l’habitation: des objets complexes. Quelles directions pour une analyse?” en VV.AA. *Habitat et espace dans le monde rural*. Éditions de la Maison des sciences de l’homme. Paris, 1988. Pg 3-13.

<sup>15</sup> Utilizamos o concepto de casa como institución tal como ten sido definida por J. A. Fernández de Rota en *Antropología de un viejo paisaje gallego*: “El término ‘casa’ enmarca la unidad de explotación agropecuaria familiar, célula fundamental de la organización económica y social. La ‘casa’ incluye el edificio vivienda, cuadras de vacas y caballos (“cortes”), cuadras de becerros, cerdos, ovejas y cabras (“cortellos”), las diferentes dependencias accesorias (“alpendres”), uno o dos patios (“aira” y “curral”) y los terrenos dispersos de la explotación. Su más amplio significado incluye también a las personas y los animales que en ella viven”. Px. 24.

información do patrimonio arquitectónico fenés e que relacionamos en moitos casos na bibliografía.

Pero unha vez que a nosa proposta de investigación foi aceptada, plantexámonos a posibilidade de facer un inventario máis amplo do que inicialmente pretendíamos. Deste xeito optamos por incluír no noso inventario-catalogación todo tipo de edificación no concello que poidese ser susceptible de actuacións dentro das iniciativas europeas de revitalización patrimonial. Tentamos ser o máis exhaustivos posible e en gran medida isto foi así, si ben consideramos unha vez rematado este traballo que sería interesante incorporar algunha outra edificación das poucas que non nos foi posible presentar aquí por razóns moi diversas. De todos os xeitos creemos que este inventario-catalogo é unha fidel radiografía do patrimonio que na actualidade existe no concello, e pode ser un bo punto de partida para dotar de profundidade e de vida a esta radiografía en posteriores investigacións que sen dúbida serán necesarias.

A hora de presentar o material recollido no traballo de campo optamos por distribuílo por parroquias tanto por ser esta unha unidade identitaria e convivencial plenamente vixente hoxe día reflectida de cotío a hora da recollida de datos, como por ser ese criterio espacial un dos máis claros e sinxelos. Dentro de cada parroquia non buscamos un ficticio equilibrio cuantitativo entre elas, senon verter nestas páxinas todo aquilo que de interese atopamos no traballo de campo. E por iso que lóxicamente unhas teñen máis páxinas que outras porque tendo máis extensión e asentamentos de poboación resulta máis factible que contén con máis fichas. Asemade a existencia de cada tipo de construción ou edificación non é a mesma en cada parroquia; Sillobre ademais de ser a parroquia de maior tamaño tamen é a que conserva unha estrutura espacial e socioeconómica máis rural do concello e nela concentrábase gran cantidade de mostras do patrimonio que definimos como tradicional. Por outra banda, parroquias

como Barallobre, Maniños, Fene ou Perlío presentan menos exemplos de arquitectura rural, aínda que si algun moi significativo, destacando en exemplos de arquitectura de tipo indiano ou que siguen ese modelo.

Básicamente os exemplos que presentamos nas fichas están referidos o seguinte patrimonio:

- \* Casas-vivenda tradicionais do rural, ben sexan de sobrado, de piso, ou variantes a partir deses modelos básicos.
- \* Construcións adxectivas como horreos, alpendres, bodegas,...
- \* Fontes, lavadoiros, muiños e pontes.
- \* Vivendas domésticas de tipo indiano, nas súas diferentes variantes, xunto con escolas indianas e salons de baile.
- \* Escolas unitarias.
- \* Casas-vivenda urbanas e edificios públicos.
- \* Cruceiros e igrexas.
- \* Monumentos.
- \* Rueiros.

## **BIBLIOGRAFÍA.**

- ARIAS, MARÍA XESÚS & SANFIZ, HENRIQUE (1995): *Maniños no pasado*. Concello de Fene. Pontedeume.
- ARIAS, MARÍA XESÚS & SANFIZ, HENRIQUE (1996): *Barallobre no pasado*. Concello de Fene. Pontedeume.
- BALLART, JOSEP (1997): *El patrimonio histórico y arqueológico: Valor y uso*. Ariel. Barcelona.
- BAS LÓPEZ, BEGOÑA (1983): *As construcións populares: un tema de etnografía de Galicia*. Edicións do Castro. Sada.
- BROMBERGER, CHRISTIAN (1988): “L’habitat et l’habitation: des objets complexes. Quelles directions pour une analyse?” en VV.AA. *Habitat et espace dans le monde rural*. Éditions de la Maison des sciences de l’homme. París. Pp 3-13.
- CAAMAÑO SUÁREZ, MANUEL (1999): *A casa popular*. Museo do Pobo Galego – Fundación Caixa Galicia. Santiago.
- CAAMAÑO SUÁREZ, MANUEL (1999): *As construcións adxectivas*. Museo do Pobo Galego – Fundación Caixa Galicia. Santiago.
- CUBILLAS, CLEMENTE ENRIQUE (1.984): *Desarrollo urbano y crisis social en Ferrol*. COAG-Universidad de Salamanca. Salamanca.
- CUISINIER, JEAN (1991): *La maison rustique: logique sociale et composition architecturale*. Presses Universitaires de France. París.
- CUISINIER, JEAN (1995): *La tradition populaire*. Presses Universitaires de France. París.
- CUPEIRO, BIEITO (1.987): *Xornes*. Edicións do Castro. Sada. A Coruña.
- FERNÁNDEZ DE ROTA, J.A. (1.984): *Antropología de un viejo paisaje gallego*. C.I.S. Madrid.
- FERNÁNDEZ DE ROTA, J.A. (1.987): *Gallegos ante un espejo*. Edicións do Castro. Sada.

- FERNÁNDEZ DE ROTA, J.A. (1.990): “Betanzos ciudad: materialidad, fantasía y lógica del territorio” en *Identidad y Territorio*. Consello da Cultura Galega. Santiago.
- FERNÁNDEZ DE ROTA, J.A. (1.992): *Espacio y vida en la ciudad gallega. Un enfoque antropológico*. Universidade da Coruña. A Coruña.
- FERNÁNDEZ DE ROTA, J.A. (1.998): “Arquitectura, vida y patrimonio” en *Cultura e Arquitectura. Incursión antropolóxica no espacio construído*. Lea. Santiago.
- FERNÁNDEZ DE ROTA, JOSÉ ANTONIO & IRIMIA FERNÁNDEZ, MARÍA DEL PILAR (1998): *Los protagonistas de la economía básica. La vanguardia ganadera y la Casa en el este de la provincia de la Coruña*. Diputación Provincial de A Coruña. A Coruña.
- FERNÁNDEZ DE ROTA, JOSÉ ANTONIO & IRIMIA FERNÁNDEZ, MARÍA DEL PILAR (2000): *Betanzos frente a su historia. Sociedad y patrimonio*. Fundación Caixa Galicia. A Coruña.
- FERRÁS SEXTO, CARLOS (1993): *O desenvolvemento urbanístico e económico en Fene durante os séculos XIX e XX*. Universidade de Santiago – Concello de Fene. Santiago.
- FERRÁS SEXTO, CARLOS (1996): *Cambio rural na Europa Atlántica. Os casos de Irlanda e Galicia (1970-1990)*. Xunta de Galicia – Universaidade de Santiago. Santiago.
- FONTES, ANTÓNIO LOURENÇO (1992): *Etnografía transmontana*. Domingos Barreira. Lisboa.
- LISÓN ARCAL, JOSÉ CARLOS (1993): *Espacio y cultura*. Coloquio. Madrid.
- LISÓN TOLOSANA, CARMELO (1974): *Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega*. Akal. Madrid.
- LISÓN TOLOSANA, CARMELO (1983): *Antropología social y hermenéutica*. Fondo de Cultura Económica. Madrid.

- LISÓN TOLOSANA, CARMELO (1986): *Antropología social: Reflexiones incidentales*. CIS – Siglo XXI. Madrid.
- LISÓN TOLOSANA, CARMELO (1990 [1ª ed. 1979]): *Antropología cultural de Galicia*. Akal. Madrid.
- LISÓN TOLOSANA, CARMELO (1998): *Las máscaras de la identidad*. Ariel. Barcelona.
- LLANO, PEDRO DE (1996): *Arquitectura popular en Galicia. Razón e construción*. C.O.A.G. Santiago.
- MARTÍNEZ-BARBEITO, CARLOS (1978): *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*. Deputación Provincial da Coruña. A Coruña.
- MONTERO AROSTEGUI, J. (1.972 [1ª ed. 1.858]): *Historia y descripción de la ciudad y departamento naval de Ferrol*. Gersan. Ferrol.
- PRATS, LLORENÇ (1997): *Antropología y patrimonio*. Ariel. Barcelona
- RIVERA RODRÍGUEZ, MARÍA (2.000): *Sillobre vén de Antigo*. Concello de Fene. Fene.
- SORALUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (DIRS.) (1.987): *Arquitecturas da Provincia da Coruña. Vol.VIII. Comarca de Ferrol I: Ares, Fene, Mugardos, Narón e Neda*. Universidade da Coruña- Deputación Provincial da Coruña. A Coruña.
- VALDIVIESO MATEO, MARIO (2000). “A fábrica de luz de A Fervenza” en *Revista de Neda*. N° 3. pp. 129-152.
- VV. AA. (1988): *Habitat et espace dans le monde rural*. Éditions de la Maison des Sciences de L’homme. París.
- VV. AA. (2000): *Casas de indianos*. Xunta de Galicia. Santiago.
- VV. AA. (2000): *Indianos. Arquitectura da emigración da península de Bezoucos: Ares, Cabanas, Fene e Mugardos*. C.O.A.G. Ferrol.



*Lei do Patrimonio Cultural de Galicia.* Xunta de Galicia. Santiago. 1995.

# FICHAS